



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.E.I.P. CONDESA DE FENOSA

Tlf: 988.321.060. Fax: 988.325.969 E-mail: ceip.condesa.fenosa@edu.xunta.es

Rúa Coruña nº 24 – 32300. O BARCO DE VALDEORRAS

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL

PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL

1. INTRODUCCIÓN

O presente Plan de orientación Académica e Profesional trata de establecer a liña de traballo a seguir no noso centro en materia de Orientación Educativa.

Partimos do marco legal do modelo organizativo e funcional da orientación educativa no noso país, que queda establecido, entre outras, pola **Lei Orgánica 2/2006 de Educación, LOE**.

Tres son os principios fundamentais que presiden esta Lei. O primeiro consiste na esixencia de proporcionar unha educación de **calidade** a todos os cidadáns de ambos os sexos, en todos os niveis do sistema educativo. Isto leva consigo pór en práctica o principio de **equidade**. Debe garantirse a existencia dunha escola para todos na que exista unha igualdade efectiva de oportunidades, na que se presten os apoios necesarios, tanto ao alumnado que o requira como aos centros nos que estean escolarizados.

O segundo principio consiste na necesidade de que **todos os compoñentes da comunidade educativa**, entendida no sentido máis amplo, colaboren para conseguir ese obxectivo tan ambicioso.

O terceiro principio que inspira esta Lei consiste nun compromiso decidido cos obxectivos educativos expostos pola Unión Europea para os próximos anos: aumentar a calidade educativa mediante a mellora da eficacia dos centros. Trátase de conseguir que todos os cidadáns alcancen o máximo desenvolvemento posible de todas as súas capacidades para o que necesitan recibir unha educación de calidade adaptada ás súas necesidades

Pór en práctica este modelo supón, por unha banda, a posta en marcha dun conxunto de actuacións encamiñadas a desenvolver medidas adecuadas que propicien unha educación inclusiva de calidade e, por outro, un proceso continuo que axuste ao máximo o proxecto educativo ás características e necesidades de todos e cada un dos alumnos/as. Por iso é polo que todos os Centros Educativos deben elaborar Plans de Orientación Educativa e clarificar as medidas que van utilizar para ofrecer unha atención á diversidade de calidade.

O modelo adoptado por esta Lei leva implícita unha concepción da **orientación educativa** entendida como un **proceso de axuda continuo e sistemático**, que forma parte do proceso educativo e **se dirixe a tódolos membros da comunidade educativa**, poñendo énfase especial na **prevención** das dificultades e na posta en práctica de **mecanismos de reforzo**, así como no desenvolvemento integral do alumno/a.

O obxectivo final deste plan de orientación será, polo tanto, o de contribuír á consecución dunha escola de calidade e eficaz.

O Departamento de Orientación é unha **estrutura de apoio permanente** encamiñada a apoiar o labor do centro e do profesorado en todas aquelas actuacións encamiñadas a asegurar un desenvolvemento integral dos alumnos/as, así como a formular e pór en práctica respostas educativas adaptadas as necesidades educativas do alumnado.

Somos conscientes do ambicioso deste plan de orientación, mais concibímoloo como unha ferramenta de traballo a longo prazo. O plano de orientación marcará as metas que queremos acadar e porá de manifesto aqueles aspectos nos que debemos incidir en maior medida.

2. BASE LEGAL.

- Lei Orgánica 2/2006 de maio de Educación. (BOE de 4 de maio).
- Real Decreto 806/2006, de 30 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da LOE. (BOE do 14 de xullo).
- Lei orgánica 8/1995 de 3 de xullo reguladora do dereito á educación (coas modificacións realizadas pola LOE nos artigos 4, 5.5, 6, 7, 8, 25, 31,36.1, 57 e 62).
- Decreto 99/2006 de 15 de xuño polo que se regula a planificación, estrutura , organización e funcionamento da formación permanente do profesorado dos centro da Comunidade Autónoma de Galicia sostidos con fondos públicos (DOG do 19706/2006).
- Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia (D.O.G. nº 79, do 27 de abril de 1998).
- Decreto 30/2007, do 15 de marzo polo que se regula a admisión do alumnado en centros sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas reguladas na LOE. (DOG do 16 de marzo).
- Orde do 17 de marzo de 2007 pola que se regula o procedemento para a admisión do alumnado no segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato en centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG 19 de marzo de 2007). (Corrección de erros).
- Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais (D.O.G. do 30 de xaneiro de 2003).
- Circular 18/2007 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia.
- Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998. (D.O.G. do 31 de xullo).
- Orde do 5 de maio de 1997 pola que se regulan os programas de garantía social na Comunidade Autónoma de Galicia. (D.O.G. do 29 de maio).
- Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización (D.O.G. do 19 de decembro de 1996).
- Orde do 28 de outubro de 1996 pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibiliza-la duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobre dotación intelectual. (D.O.G. do 28 de novembro).
- Decreto 320/1996, do 26 de xullo, de ordenación da educación de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais (D.O.G. do 6 de agosto de 1996).
- Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral (D.O.G. nº 213 do 7 de novembro de 1995).

- Orde do 20 de febreiro de 2004 que se establecen as medidas de atención específica ó alumnado procedente do estranxeiro. (DOG nº 40 do 26 de febreiro).
- Real Decreto 943/2003, de 18 de xullo, polo que se regulan as condicións para flexibilizar a duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo para os alumnos superdotados intelectualmente. (B.O.E. Do 31-7-2003).
- Lei 27/2005 do 30 de novembro de fomento á educación e cultura da paz (BOE 1 de decembro de 2005).
- Decreto 85/2007 de 12 de abril polo que se crea o Observatorio Galego de Convivencia Escolar.(DOG 8 de maio de 2007).
- Decreto 124/2007 de 28 de xuño polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo.
- Decreto 374/1996 de 17 de outubro polo que se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria.
- Orde do 22 de xullo de 1997 que desenvolve o anterior Decreto.
- Real decreto 1630/2006 de 29 de decembro polo que se establecen as ensinanzas mínimas para a Educación infantil. (BOE do 4 de xaneiro de 2007).
- Anteproxecto do decreto polo que se regulan as ensinanzas da educación infantil na Comunidade autónoma de Galicia.
- Real decreto 1513/2006 do 7 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas para a Educación primaria. (BOE do 8 de decembro).
- Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 09/07/2007).
- Decreto 133/2007 de 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas de educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG do 13/07/2007)
- Circular 18/2002 pola que se ditan instrucións da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional para unifica-las actuacións e establece-las accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional do ensino non universitario da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2002-2003.
- Circular nº 17/2003 da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa e da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unifica-las actuacións e establece-las accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional do ensino non universitario da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2003-2004.
- Circular nº 23/2004 pola que se ditan instrucións da Dirección Xeral de Centros Ordenación Educativa e da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais para unifica-las actuacións e establece-las accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional do ensino non universitario da Comunidade Autónoma para o curso 2004-2005.
- Circular 20/2005 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia para o curso 2005-2006.
- Circular 17/2006 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para

unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia para o curso 2006-2007.

3. PRINCIPIOS DE INTERVENCIÓN

Orientación entendida como un proceso **continuo e sistemático**, que forma **parte do proceso educativo** e se dirixe a **todos os membros da comunidade educativa**, poñendo énfase especial na **prevención** das dificultades e na posta en práctica de **mecanismos de reforzo**, así como no desenvolvemento integral do alumno/a.

A intervención persegue a **adecuación ás características** de cada caso, a atención á diversidade, polo que debe levarse a cabo con criterios de gran **adaptabilidade**.

A **perspectiva** desde a que se formulan todas as accións é a **construtiva ou colaborativa**. Este feito implica que as solucións a determinadas dificultades búscanse conxuntamente entre o especialista e o profesorado realizando aportacións desde perspectivas diferentes e complementarias. A relación que se establece é de igualdade en canto ao nivel de relación e complementaria e diferenciada no que se refire a aportacións, experiencia profesional, formación, etc.

Así mesmo, desde esta perspectiva aumenta a participación, implicación e **corresponsabilización** das distintas partes. As posibles modificacións xorden indistintamente e vanse incorporando as estratexias que parecen máis adecuadas.

A orientación educativa é responsabilidade de toda a comunidade educativa, aínda que as funcións e responsabilidades son diferentes para os distintos integrantes.

O **carácter das intervencións** sobre o alumnado é preferiblemente **indirecto**, si ben nas **ocasións que resulta oportuno**, o tipo de intervención é **directa**.

En principio comézase a actuar preferentemente sobre os axentes educativos (profesores, pais), co cal a intervención sobre o alumnado é máis ben indirecta. A atención directa ao alumnado estará condicionada por distintos factores, en xeral no caso de alumnado con necesidades moi graves ou específicas.

4. DESTINATARIOS

A orientación educativa constitúese como un proceso de **asesoramento e axuda ao alumnado**, mais tamén leva implícito un proceso de **apoio referido ao profesorado e ás familias**. Por este motivo o plan de orientación ten como destinatarios **todos os membros da Comunidade Educativa**:

- * Alumnado
- * Profesorado
- * Familias

5. CONTEXTUALIZACIÓN

O CEIP “Condesa de Fenosa”, está situado na vila de O Barco de Valdeorras

(Ourense).

A maioría da poboación escolar que recolle pertence a familias que encontran nas canteiras de lousa o principal medio de subsistencia, así como en actividades do sector terciario.

A estrutura organizativa do centro é a que marca a lexislación pertinente e está composta polos órganos unipersoais (Director, Xefe de estudos e Secretario), colexiados (Consello Escolar, Claustro de Profesorado) e polos Órganos de coordinación docente (Departamento de Orientación, Comisión de Coordinación Pedagóxica, Equipo de Normalización Lingüística).

O ámbito de actuación do departamento de orientación do CEIP “Condessa de Fenosa”, segundo a nova rede de orientación marcada pola Consellería de Educación, abrangue unicamente ao propio colexio, non tendo ningún centro adscrito.

Consideramos necesario expoñer neste apartado contextual que este centro conta cun profesorado moi dinámico, pois hai neste momento en marcha os seguintes proxectos:

- Plan mellora da biblioteca.
- Grupo de traballo para a dinamización da Biblioteca do centro.
- Cursos de formación en centros.
- Programa de Acompañamento Escolar (PROA).
- Axenda 21.
- Voz Natura.
- Plan LALO de Lingua e Cultura Portuguesa.
- Programa de Estimulación da Linguaxe dos nenos/as de Ensino Infantil.
- Programa en colaboración co IES “Lauro Olmo” para facilitar a transición de EP a ESO.
- Programa de Educación Viaria en colaboración co Concello.
- Programa “5 al día”.

6. ANTECEDENTES E SITUACIÓN ACTUAL

Antecedentes

O curso 2002-2003 comeza a funcionar o Departamento de Orientación no propio centro, con anterioridade estaba adscrito ao Departamento de Orientación do IES “Lauro Olmo”.

Durante o curso 2003-2004 o centro é nomeado de escolarización preferente para nenos/as con necesidades educativas especiais. O curso 2004-2005 é cuberta de xeito definitivo a xefatura do departamento.

Antes de que o Departamento como tal comezara a funcionar xa o facían unha unidade de Pedagogía Terapéutica e outra de Audición e Linguaxe.

No curso 2003-2004 créase provisionalmente unha segunda praza de PT. Debido ao notable incremento de alumnado con necesidades educativas especiais, o número de profesorado de apoio foise incrementando paulatinamente.

No novo catálogo consolídase a segunda praza de Pedagogía Terapéutica, estando cubertas o resto das mesmas de xeito provisional.

Situación actual

O Departamento está composto por dúas profesoras de Audición e Linguaxe e catro de Pedagogía Terapéutica, polo profesorado coordinador de ciclo e pola xefa de departamento.

Ademais contamos con dúas auxiliares técnicas educativas.

O Departamento de Orientación celebra as súas reunións con todos os membros os luns e, os mércores, co persoal de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe. Ambas reunións teñen lugar de 13:30h a 14:30 h.

A súa constitución formal con todos os membros realízase a finais de outubro.

Resaltar que o noso centro é de escolarización preferente para nenos/as con necesidades educativas especiais polo que é unha esixencia do centro que o persoal destinado a cubrir as prazas de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe no mesmo sexa profesorado especialista.

Dúas das prazas de Pedagogía Terapéutica creáronse en réxime de Comisión de Servizos para atención do alumnado con autismo e do alumnado con déficit motórico.

Isto obedece ao feito de ofrecer unha certa permanencia do profesorado co alumno, evitando un cambio de docente cada curso académico. Posto que estas necesidades educativas teñen un carácter temporal e non poden cubrirse con carácter definitivo, procede a súa provisión en réxime de comisión de servizos.

7. ORGANIZACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN. COMPOÑENTES

COMPOSICIÓN

A **composición do departamento** de orientación queda establecida no artigo 4 do Decreto 120/1998 do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia. É a seguinte: profesorado de apoio (PT e AL), profesorado coordinador de ciclo e xefa de departamento.

Debido a que non hai presenza dun membro do equipo directivo na composición do departamento, toma especial relevancia a reunión de coordinación co mesmo, para poder vincular o carácter asesor do departamento co carácter decisorio e executivo dos órganos unipersoais.

TAREFAS DOS COMPOÑENTES DO DEPARTAMENTO

As **funcións** dos mesmos están delimitadas polo **Decreto 120/1998 do 23 de abril**,

polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia. Así mesmo están salientadas no Plan de atención á Diversidade do Centro.

Cada **coordinador/a de ciclo** recolle as posibles **suxestións que parten de cada ciclo e transmíteas ao Departamento**, así como se encarga de comunicar as propostas que xorden dentro do Departamento aos compoñentes do seu ciclo sobre os seguintes aspectos:

- Elaboración das liñas-base do plano de orientación
- Contextualización das actuacións programadas
- Seguimento e avaliación do plano de orientación
- Introducción das modificacións do plano se procede
- Elaboración da Memoria Final

TAREFAS DA XEFATURA DO DEPARTAMENTO

- Dirixir e coordinar as actividades do departamento.
- Responsabilizarse do Plano anual e Memoria.
- Representar ao Departamento de Orientación na Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Coordinar a atención ao alumnado con n.e.a.e. xunto co xefe de estudos e o profesorado de apoio.
- Realizar as avaliacións psicopedagóxicas e colaborar nos ditames de escolarización.
- Velar pola confidencialidade dos documentos.
- Coordinar a organización de espazos e instalacións para a orientación, así como a adquisición de material e equipamento específico, velando polo seu correcto uso e conservación.
- Asistir ás xuntas de avaliación.
- Coordinarse co xefe de orientación do Instituto de E.S.O. ao que estamos adscritos.
- Convocar, presidir e levantar acta das reunións do Departamento.
- Participar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade, así como favorecer a posta en práctica das medidas organizativas e curriculares que precise o alumnado.
- Asesorar na elaboración de programas dirixidos ao desenvolvemento integral do alumnado e ofrecerlle ao profesorado o soporte técnico para o desenvolvemento dos mesmos.
- Asesorar na toma de decisións sobre medidas de atención á diversidade para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Deseñar, en colaboración co profesorado involucrado, medidas que favorezan o desenvolvemento integral do alumnado.
- Deseñar, en colaboración co profesorado involucrado, medidas de reforzo que favorezan a aprendizaxe do alumnado.
- Establecer relacións estables de coordinación entre profesorado titor, profesorado especialista e profesorado de apoio ás necesidades educativas especiais.
- Participar na elaboración, seguimento e avaliación dos proxectos educativo e curricular do centro, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención á diversidade.
- Deseñar accións encamiñadas á atención temperá e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivadas tanto de

- condicións desfavorables como de sobre dotación que presente o alumnado.
- Establecer canles de información cos diferentes servizos ou institucións no ámbito das súas competencias.
- Cooperar cos membros do Equipo de Orientación Específico no deseño, desenvolvemento e avaliación de programas de intervención.

HORARIOS

Horario xefa do departamento de orientación

Tendo en conta a diversidade de actuacións e de ámbitos a atender, é preciso facer constar que este horario ten un **carácter flexible e aberto**. A modo orientativo preséntase a seguinte concreción:

HL	ORIENTACIÓN	ORIENTACIÓN	COORD. ED	COORD. IES	HL
ORIENTACIÓN	ORIENTACIÓN	ORIENTACIÓN	ORIENTACIÓN	ORIENTACIÓN	ORG. COMEDOR
ORIENTACIÓN	ORIENTACIÓN	ORIENTACIÓN	ORIENTACIÓN	ORIENTACIÓN	ORIENTACIÓN
REUNIÓN DO/CCPP		REUNIÓN XERAIS REUNIÓN DO			
ORIENTACIÓN	ORIENTACIÓN	HL	ORIENTACIÓN	ORIENTACIÓN	ORIENTACIÓN
ORIENTACIÓN	ATENCIÓN FAMILIAS	ORIENTACIÓN	ORIENTACIÓN	ORIENTACIÓN	ORIENTACIÓN

Os **criterios** seguidos para a organización dos apoios e para a elaboración dos horarios dos mesmos son os que se marcan no **Plan de Atención á Diversidade**.

O horario do profesorado especialista de **Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe** non se inclúe posto que son nominais. Atópanse na xefatura de estudos.

CALENDARIO DE REUNIÓN

Reunións xerais	Mércres ao mediodía. Periodicidade quincenal
Departamento de orientación	Luns mediodía. Periodicidade quincenal / mensual / trimestral
CCPP	Luns mediodía. Periodicidade quincenal.
Comisións	En función dos compoñentes e contido
Coordinación co equipo directivo	Mércres 1ª hora. Periodicidade semanal.
Coordinación co profesorado de apoio	Mércres ao mediodía. Periodicidade semanal.
Coordinación co profesorado titor	A demanda
Coordinación co IES	Periodicidade mensual / trimestral

8. RECURSOS

Humanos

- Profesorado titor.

- Profesorado das distintas especialidades.
- Profesorado de apoio.
- Equipo Directivo
- Xefa do Departamento
- Auxiliares Técnico Educativas.
- Inspección Educativa.
- Equipo de Orientación Específica (EOE)
- Organismos e entidades externas: médicos, psicólogos, asistentes sociais...

Materiais e espazos

- Material de reprografía
- Material informático: programas de tratamento logopédico e con actividades curriculares, ordenadores con conexión a internet ,impresora, ordenador portátil.
- Material bibliográfico e curricular das aulas de Pedagogía Terapéutica (PT) e Audición e Linguaxe (AL)
- Manual de orientación e titoría.
- Recursos existentes no centro que están ao servizo de todo o profesorado: folios, encadernadora, plastificadora.
- Teléfono para efectuar ou recibir chamadas internas
- Ordenador e impresora do DO.
- Arquivador con carpetas colgantes
- Probas estandarizadas para avaliación psicopedagóxica.
- Materiais para as titorías.
- Materiais para as actividades de apoio e reforzo.

Económicos

Non existe unha dotación económica específica por parte da Consellería de Educación para o Departamento de Orientación nin para as aulas de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe, aínda que somos centro de escolarización preferente para alumnado con necesidades educativas especiais. As compras que é necesario realizar cárganse ao orzamento xeral do Centro.

Espaciais

- Aulas ordinarias.
- Aulas de apoio.
- Biblioteca.

- Aula de Portugués.
- Aula de Usos Múltiples

O Departamento dispón dun local exclusivo radicado fóra do edificio do colexio, na que antigamente era a casa do conserxe. Nela sitúanse as aulas de Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe, Departamento de Orientación e aseo adaptado para cambios dos nenos/as con necesidades específicas de apoio educativo.

As aulas de apoio compártense en función das características do alumnado. Ademais faise uso das aulas ordinarias e doutras dependencias do centro sempre e cando estas están dispoñibles e son necesarias.

Carencias máis salientables

A carencia máis salientable: a **falta de espazos físicos** emendouse o curso pasado coa construción de aulas novas no último andar do colexio. A meirande parte do tempo as aulas de apoio están ocupadas polo alumnado de Aula Específica. Igualmente, aínda que algúns apoios son dentro das aulas ordinarias, outros deben ser fóra posto que neles se agrupan nenos/as adscritos a distintas titorías.

O aumento de alumnado, procedente tanto doutros países como das avaliacións que se realizan ao longo do curso e determinan a dito alumnado como susceptible de apoio, leva consigo a necesidade de manter a dotación de persoal docente, asistencial e de espazos físicos.

Por outra banda resulta evidente que a inexistencia dunha dotación económica específica para o departamento, dificulta a compra de material para o mesmo así como de recursos para as aulas de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

9. OBXECTIVOS

o OBXECTIVOS XERAIS

- Dar estabilidade aos canles de funcionamento creados dentro do propio centro.
- Coordinar a organización de espazos e instalacións para a orientación, a adquisición de material e de equipamento específico, velando polo seu uso correcto e conservación.
- Asesorar e orientar ao alumnado, ao profesorado e ás familias para a mellora da calidade do ensino.
- Apoiar os procesos de ensino-aprendizaxe nos ámbitos de atención a toda a diversidade e do alumnado con necesidade específica de apoio educativo (NEAE).
- Contribuír a deseñar medidas para a detección temperá das necesidades.
- Contribuír a prever as dificultades de aprendizaxe e a deseñar os mecanismos de reforzo.
- Asesorar e colaborar na actualización e elaboración dos distintos documentos do centro.

- Contribuír a deseñar actuacións que teñan como eixe o plan de acción tutorial.
- Contribuír a deseñar actuacións que fomenten a convivencia escolar.
- Contribuír ao fomento das relacións coas familias do alumnado e con aqueles servizos e institucións que prestan atención socio educativa e sanitaria ao noso alumnado no marco dunha intervención multiprofesional.
- Asesorar, informar e orientar ao alumnado e ás familias nos momentos decisivos da historia escolar do alumnado: inicio da escolarización, períodos de transición.
- Favorecer o autocoñecemento do alumnado para que coñezan e valoren as súas propias capacidades, motivacións e intereses dunha forma axustada e realista.
- Ofertar información sobre o itinerario escolar ao remate da Educación Primaria.
- Posibilitar que o alumnado adquira un coñecemento do mundo do traballo, das ocupacións e os procesos que favorecen a transición á vida activa, á inserción laboral e á formación ao longo da vida.

○ **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS**

REFERIDOS AO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE

§ Con respecto ao Centro

- Colaborar na elaboración/revisión dos distintos documentos pertencentes ao PEC, así como na memoria de final de curso do centro.
- Colaborar na elaboración de programas específicos (apoio, recuperación, etc).
- Asesorar tecnicamente en cuestións de adaptacións curriculares, reforzos educativos, intervención psicopedagóxica e criterios de avaliación e promoción do alumnado.
- Fomentar a cooperación da comunidade educativa nas tarefas de orientación.
- Potenciar a coordinación e cooperación entre o Centro e as familias, facéndoas partícipes daqueles aspectos da orientación educativa nos que poden incidir en maior medida.
- Favorecer a posta en práctica das medidas organizativas e curriculares de atención á diversidade que precise o alumnado.
- Contribuír á realización de estudos e análises sobre as necesidades do alumnado.
- Deseñar programas orientados a previr e detectar dificultades educativas así como plans de intervención tendentes a solucionar estes problemas.
- Colaborar na avaliación das neae do alumnado.
- Realizar a avaliación psicopedagóxica.
- Asesorar na toma de decisións sobre medidas de atención á diversidade para o alumnado con necesidades educativas específicas.
- Establecer relacións estables de coordinación de titores, profesorado especialista e profesorado de apoio ás necesidades educativas especiais.
- Establecer relacións estables de coordinación entre o profesorado dos distintos ciclos.
- Establecer relacións coas institucións externas ao centro que poden colaborar e axudar na integración do alumnado con necesidades educativas especiais.

§ Con respecto ao alumnado

- Contribuír á detección das necesidades do alumnado así como á busca dos recursos necesarios para o logro dunha maior eficacia no labor educativo.
- Contribuír á individualización dos procesos de ensino-aprendizaxe con medidas de atención á diversidade e impulsar iniciativas de compensación das desigualdades de orixe.
- Atender as demandas persoais de orientación que se presenten, así como ás necesidades específicas de apoio educativo.
- Procurar a integración do alumnado no seu grupo e no conxunto da dinámica escolar.
- Desenvolver programas de adquisición de habilidades, técnicas de traballo intelectual e estratexias de aprendizaxe.
- Identificar as dificultades e potencialidades do alumnado con neae, concretando as pautas de actuación e medidas para a súa atención.
- Establecer criterios para a determinación de medidas educativas extraordinarias tales como: adaptacións curriculares, flexibilidade da escolaridade, permanencia ou promoción nun ciclo.
- Axudar ao alumnado nos momentos de maior dificultade: ingreso, cambios de ciclos, cambios de etapa...
- Participar nas sesións de avaliación e reunións do equipo docente.

§ Con respecto ao profesorado

- Establecer relacións estables de coordinación entre profesorado titor, profesorado especialista, profesorado de apoio e a orientadora de cara a dar resposta ás neae do alumnado.
- Participar nas sesións de avaliación e colaborar naquelas decisións que se estime oportuno.
- Facer posible a colaboración do profesorado nas tarefas de acción titorial e orientación educativa.
- Colaborar na detección de problemas educativos (desenvolvemento, aprendizaxe, etc.) que presente o alumnado así como na pronta intervención para tratar de remedialos.
- Apoiar a actuación do profesorado proporcionándolle información sobre recursos, medios materiais, didácticos e estratexias metodolóxicas que poidan favorecer o seu labor docente e titorial.
- Transmitirlles información acerca da avaliación psicopedagóxica do alumnado e, en xeral, sobre as características persoais de estes.
- Asesorarlles en cuestións prácticas de organización e agrupamento do alumnado.
- Facilitarlles a utilización na aula de técnicas específicas relativas a hábitos de traballo, técnicas de estudo, programas de ensinar a pensar, etc.
- Demandarlles colaboración nas actividades promovidas polo departamento.
- Asesorar ao profesorado sobre a necesidade de dar resposta á diversidade nas programacións didácticas contemplando diversos niveis de dificultade.

§ Con respecto ás familias

- Promover, en colaboración cos titores, actividades informativas e orientadoras que impliquen ás familias na consecución dos obxectivos educativos marcados.
- Establecer os contactos necesarios coas familias de forma individual ou colectiva co fin de asumir conxuntamente a orientación educativa dos seus fillos/as.
- Colaborar na relación titores-familia na solución de problemas que afectan aos seus fillos/as.
- Establecer canles de comunicación, información e participación recíprocos.
- Informar e asesorar ás familias do alumnado con neae.
- Informarlles sobre o novo sistema educativo así como sobre os aspectos novidosos que afecten directamente ao centro.
- Intercambiar información que poida enriquecer o coñecemento dos seus fillos para unha maior comprensión das súas condutas, actitudes, ritmo de aprendizaxe, etc.
- Implicalos no proceso educativo dos seus fillos/as.

§ Con respecto aos servizos e institucións externas ao centro.

- Solicitar asesoramento do equipo de orientación específico nos temas que se considere necesario.
- Colaborar cos servizos sociais do Concello nos casos de alumnos/as e familias que o precisen.
- Colaborar cos servizos do HCV dos que fan uso algúns dos nosos alumnos/as: pediatría, saúde mental, fisioterapia.
- Establecer canles de coordinación entre orientadores de primaria e secundaria, especialmente do instituto adscrito.

REFERIDOS Á ACCIÓN TITORIAL

§ Con respecto ao centro

- Reelaborar o plan de acción titorial.
- Aportar criterios para a organización, adxudicación e funcionamento das titorías.

§ Con respecto ao alumnado

- Prestarlles atención individualizada cando o soliciten.
- Axudarlles a conseguir unha boa integración no centro e no grupo de compañeiros/compañeiras.

§ Con respecto ao profesorado.

- Asesorarlles no desempeño da acción titorial: dificultades de aprendizaxe, situacións persoais especiais...

- Participar nas xuntas de avaliación trimestrais e finais.
- Asesorarlles na cumprimentación da documentación académica do alumnado, en especial do que recibe medidas de atención á diversidade.
- Asesorarlles en cuestións prácticas de organización e agrupamento do alumnado, con especial atención ao tratamento flexible á diversidade de aptitudes, intereses e motivacións.
- Facilitarlles a utilización na aula de técnicas específicas relativas a hábitos de traballo, técnicas de estudo, programas de ensinar a pensar, mellora da auto estima, habilidades sociais, etc.
- Colaborar cos titores para manter unha relación fluída coas familias.

§ Con respecto ás familias.

- Cooperar na relación titores-familia para a solución de problemas que afecten aos seus fillos/as.

§ Con respecto a outras institucións

- Recompilar información que poidan proporcionar servizos alleos ao centro e transmitirla ao titor co fin de optimizar a atención ofrecida ao alumnado.

REFERIDOS AO ASESORAMENTO E ORIENTACIÓN ACADÉMICA

§ Con respecto ao centro

- Implicar ao Centro na coordinación de accións que favorezan a adaptación do novo alumnado e o tránsito do mesmo entre etapas educativas, especialmente cando implique o cambio de centro educativo (Plan de acollida e tránsito a Secundaria)
- Fomentar a coordinación entre o centro e o instituto.

§ Con respecto ao alumnado

- Axudarlles nos momentos de maior dificultade: ingreso, cambios de ciclos, etc.
- Facilitarlles información sobre o itinerario educativo co fin de que coñeza ben o sistema educativo no tramo no que se sitúa.
- Contribuír ao fomento de actividades encamiñadas a que o alumnado adquira unhas capacidades que lle permitan saber tomar decisións, así como coñecerse e valorarse de forma axustada as súas propias capacidades, motivacións e intereses
- Colaborar no seguimento da adaptación ao centro de secundaria.

§ Con respecto ao profesorado

- Orientar tecnicamente en relación con actividades e procesos de avaliación formativa e orientadora, reforzo e apoio pedagóxico, promoción de alumnos, etc.
- Propiciar actuacións que permitan que o alumnado adquira un coñecemento do mundo do traballo.

§ Con respecto ás familias.

- Orientar ás familias de forma individual ou colectiva para que asuman responsablemente a educación e orientación dos seus fillos.
- Asesorar ás familias do alumnado que inicia a escolarización sobre o centro, o xeito de preparar a adaptación dos nenos/as.
- Asesorar ás familias do alumnado que inicia a educación primaria: características da etapa, xeitos de axudar aos seus fillos/as.
- Asesorar ás familias e alumnado que remata a educación primaria: características da educación secundaria obrigatoria, optatividade.

10. AVALIACIÓN

Entendemos a avaliación como unha reflexión crítica sobre todos os momentos e factores que interveñen no proceso didáctico a fin de determinar cales poden ser, están sendo ou foron os resultados da posta en práctica do Plan de Orientación de Centro.

Na avaliación marcaremos tres fases, cada un deles cunhas finalidades específicas. Cada fase se correspondera cun tipo de avaliación.

Fase diagnóstica (avaliación inicial):

- Identificar as características dos participantes: intereses, necesidades, expectativas.
- Identificar as demandas da Comunidade Educativa, en especial as suxestións realizadas polo profesorado no seu ámbito de actuación
- Identificar as características do contexto: posibilidades, limitacións.
- Valorar a pertinencia, adecuación e viabilidade do Plano de Orientación.
- Directrices sinaladas na circular coas instrucións para o funcionamento dos Departamentos de orientación.

Os instrumentos cos que se realice serán: Entrevistas individuais co profesorado, análise das memorias (necesidades e propostas), reunións da comisión de coordinación pedagóxica sobre as prioridades do plan de orientación

Fase de desenvolvemento (avaliación formativa):

- Dar información sobre a evolución e progreso do plan.
- Identificar os puntos críticos do plan.
- Realizar as modificacións precisas.

Gracias a ela tomaremos as decisións pedagóxicas, didácticas e/ou organizativas oportunas. O Instrumento a empregar será fundamentalmente o intercambio oral nas

distintas reunións. Ademais para a valoración do grao de consecución dos obxectivos do plan, utilizaremos como punto de partida a táboa de posibles modificacións no plan de orientación anual.

Fase de reflexión sobre o proceso (avaliación sumativa):

- Valorar a consecución dos obxectivos e dos cambios producidos, previstos ou non.
- Verificar a valía do plano de cara a satisfacer as necesidades previstas.

Ao finalizar o curso elaborárase unha memoria na que se pretende determinar o valor das actividades e/ou programas e a súa contribución á consecución dos obxectivos do plano.

Criterios de Avaliación:

- Axuste do Plano de Orientación ás necesidades reais do centro.
- Grao de cumprimento dos obxectivos programados.
- Grao de cumprimento dos acordos establecidos nas diferentes reunións.
- Nivel de participación do profesorado no desenvolvemento do Plano de Orientación.
- Nivel de Integración de actividades e programas na dinámica xeral do centro.
- Coherencia entre a P.X.A e o Plano de Orientación.
- Incidencia na aula e nas familias.
- Coordinación co Equipo Directivo.
- Coordinación co IES "Lauro Olmo"
- Adecuación dos recursos humanos e materiais.
- Pertinencia do deseño da avaliación de cara a aportar modificacións significativas ao plano do próximo curso.